

PRAZAS PROFESORADO

RESOLUCIÓN REITORAL DO 15 DE XUÑO DE 2017 POLA QUE SE CONVOCA UN CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE PERSOAL DOCENTE.

Despois do acordo do Consello de Goberno desta Universidade de 31 de maio de 2017, convócase un concurso para a contratación laboral do persoal docente que se relaciona no Anexo II da presente Resolución. O concurso desenvolverase de acordo coas seguintes bases:

1.- NORMATIVA

Este concurso rexerese polas bases desta convocatoria e pola normativa seguinte:

- O Capítulo I do Título IX da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades (BOE do 24 de decembro), coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril).
- O Decreto autonómico 266/2002, de 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario (DOG do 17 de setembro de 2002).
- Os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia de 13 de maio de 2004 (DOG de 26 de maio de 2004), modificados polo Decreto 194/2007 do 11 de outubro (DOG de 17 de outubro de 2007).
- A Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo Consello de Goberno na sesión do 30 de abril de 2014.

2.- REQUISITOS DOS CONCURSANTES

Para concursar a cada unha das categorías do persoal docente e investigador interino e contratado laboral, as persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2.1 Requisitos de carácter xeral:

- Ser español/a, nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles Estados aos que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as nos termos en que esta se atopa definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe, dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros Estados cando así se preveña nos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España.

Os/as nacionais de Estados distintos dos indicados anteriormente poderán tamén participar nos concursos e ser contratados/as, sempre que se atopen en España en situación de legalidade e sexan titulares dun documento que os habilite para residir e para acceder sen limitacións ao mercado laboral.
- Ter cumprido os dezaseis anos e non ter cumprido a idade de xubilación.
- Estar en posesión da titulación esixida en cada unha das prazas que figuran no anexo II. No caso de títulos obtidos no estranxeiro, deberá achegarse credencial que acredite a súa homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade.
- Ter aboado as taxas por dereitos de exame dentro do prazo de presentación de solicitudes.
- Non padecer doenza ou discapacidade física ou psíquica que lle impida o desempeño das funcións.
- Non ter sido separado/a do servizo, nin inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas. Así mesmo, o desempeño das prazas convocadas ficará sometido á Lei 53/1984, de 26 de decembro, e ás normas de desenvolvemento, en materia de incompatibilidades.

- g) As persoas aspirantes de nacionalidade estranxeira non poderán estar sometidas a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á Función Pública.

Os requisitos e), f) e g) deberán ser acreditados no acto de sinatura do contrato.

2.2 Requisitos específicos para a figura de profesor/a axudante doutor/a:

- a) Estar en posesión do título de doutor/a.
- b) Avaliación previa positiva para a categoría de axudante doutor/a da súa actividade por parte da Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA), da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ou, de ser o caso, outro órgano de avaliación que leis doutras comunidades autónomas determinaren, sempre que exista convenio ou concerto previo coa Comunidade Autónoma de Galicia

3.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

3.1. As persoas que desexen participar neste concurso farano utilizando o modelo de solicitude e de currículo que figuran como anexos III e IV a esta convocatoria (dispoñibles en formato editable no seguinte enlace http://www.udc.es/pdi/_galeria_down/impresos/MODELO_SOLICITUDE_CURRICULO.docx).

As solicitudes dirixiranse ao reitor da Universidade da Coruña, no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria *no Diario Oficial de Galicia* e presentaranse por un dos seguintes medios:

a) Preferentemente a través da sede electrónica da Universidade (<https://sede.udc.gal/>), na sección de trámites de Xestión Académica. A solicitude (anexo III) e currículo (anexo IV) deberán convertirse en formato PDF e asinarse electronicamente. Presentaranse xunto co resto da documentación na forma que se indica no anexo I.

b) En caso de imposibilidade técnica xustificada, poderán realizarse no Rexistro Xeral da Universidade ou nos Rexistros Auxiliares de Elviña ou de Ferrol, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015), na forma que se indica no anexo I.

3.2. As persoas aspirantes, para seren admitidas no proceso de selección, presentarán xunto coa súa solicitude os seguintes documentos, na forma que se indica no anexo I:

- a) Copia do DNI ou documento equivalente.
- b) Copia do título académico esixido. No caso de títulos obtidos no estranxeiro, deberá achegarse credencial que acredite a súa homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade.
- c) Xustificante do pagamento na conta corrente ES76 0049-5030-15-2516011262, concursos-oposicións; Banco Santander Central Hispano da Coruña, da cantidade de 41,15 euros por cada praza a que se concursa, dentro do prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso o pagamento suporá a substitución do trámite de presentación da solicitude, en tempo e forma, dirixida ao órgano expresado na base 3.1.

Estarán exentas do pagamento da taxa por dereitos de exame as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%, circunstancia que deberá ser acreditada documentalmente xunto coa solicitude, presentando copia da cualificación do grao de discapacidade.

Así mesmo, estarán exentas do pagamento da taxa por dereitos de exame as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. No caso de membros de familias numerosas de categoría xeral terán unha bonificación do 50%. Estas circunstancias deberán ser acreditadas documentalmente xunto coa solicitude, presentando copia do título de familia numerosa, que deberá estar vixente dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Así mesmo, terán unha bonificación do 50% da taxa, as persoas que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses anteriores á data de publicación da presente convocatoria, e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego, aspectos que deberán ser certificados pola oficina dos servizos públicos de emprego.



d) Documentos acreditativos dos méritos na forma que se indica no currículo (anexo IV).

3.3. Con respecto á documentación a presentar deberá terse en conta:

3.3.1. Toda a documentación acreditativa dos méritos deberá aportarse dentro do prazo de presentación de solicitudes. Non se admitirá ningunha documentación adicional rematado o dito prazo.

3.3.2. Para a declaración da nota media que se establece no BLOQUE I do currículo deberán utilizarse os arquivos excel que están na páxina web da Universidade dispoñibles no seguinte enlace:
<http://www.udc.es/pdi/concursos/declaracion/>

Non presentar a certificación académica persoal ou non acreditar os méritos alegados, non determinará a exclusión do/a aspirante ao concurso, pero impedirá o seu cómputo e valoración no baremo establecido.

3.3.3. Todos os requisitos deberán reunirse na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

3.3.4. Os interesados responsabilízanse da veracidade dos datos que fagan constar na solicitude, así como dos que figuren no currículo e dos que acheguen na documentación dos méritos correspondentes, asumindo, en caso contrario, as responsabilidades que puidesen derivarse das inexactitudes dos mesmos.

3.4. Rematado o procedemento, a documentación dos concursantes quedará ao seu dispor no Servizo de PDI e poderá retirarse unha vez que a resolución do concurso sexa firme. A documentación que non fora retirada será destruída transcorridos tres meses desde a finalización do procedemento..

4.- PUBLICIDADE DAS RELACIÓNS DE CONCURSANTES

4.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo máximo de dez días hábiles publicarase a relación de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se fará pública no taboleiro electrónico oficial da Universidade, nos taboleiros de anuncios da Reitoría e da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e na páxina web: http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/, con mención expresa do nome e apelidos e, se for o caso, das causas de exclusión.

4.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación da referida relación, para corruxiren o defecto que motivase a exclusión.

A subsanación poderá facerse na sede electrónica <https://sede.udc.gal/>, a través do Rexistro electrónico ou polos medios establecidos na base 3.1.b.

Transcorrido este prazo, o reitor ditará resolución que declare aprobada a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará nos lugares indicados.

4.3. De acordo co previsto no artigo 45.1.b da Lei 39/2015, de 1 de outubro estas publicacións surtirán os mesmos efectos da notificación persoal ás persoas interesadas.

5.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

5.1. De acordo co previsto no art. 13.2. do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, as comisións de selección estarán formadas por cinco profesores con titulación, categoría e dedicación igual ou superior á sinalada para ocupar a praza convocada.

5.2. Ademais, formará parte da comisión de selección un membro proposto pola representación dos traballadores sempre e cando sexa designado no prazo de dez días hábiles desde a notificación por parte da universidade, rematado este prazo se a designación non tivese lugar, decaerá neste dereito. Este membro actuará con voz e sen voto.

5.3. Segundo o art. 83 dos Estatutos da UDC, as comisións de selección do persoal docente e investigador contratado estarán presididas polo/a decano/a ou director/a do centro e formarán parte destas o/a director/a do departamento a que se adscriba a praza, que actuará como secretario/a, e tres membros da área de coñecemento da praza obxecto do concurso, nomeados polo Consello de Goberno a partir dunha proposta de cinco membros, realizada polo Consello de Departamento, sendo funcionario, polo menos, un deles.

De non existir número suficiente de profesores na área que reúna os requisitos sinalados no apartado 5.1, designaranse profesores das áreas afíns. No caso de persistir a insuficiencia, serán designados por sorteo

profesores e profesoras das áreas con docencia no centro por teren materias obrigatorias ou de formación básica nos plans de estudo.

Da mesma maneira, deberán nomearse os membros suplentes das comisións, en previsión dos supostos a que se refire o artigo seguinte.

5.4. O nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra causa xustificada que impedir a súa actuación como membro dela. Neste caso, a apreciación da causa alegada corresponde ao reitor, que deberá resolver, nun prazo de tres días hábiles, que conta desde a recepción da renuncia e procederase á substitución pola persoa suplente.

De calquera xeito, os membros das comisións en que se dea algunha das causas sinaladas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público (BOE de 2 de outubro) deberán absterse de intervir e comunicaranllo ao reitor para a designación do/a suplente no prazo de tres días hábiles sinalado no parágrafo anterior.

5.5. Nos casos de ausencia ou causa xustificada que impediren a actuación do/a presidente/a da comisión, este/a será substituído/a por un/unha vicedecano/a ou subdirector/a, ou o/a profesor/a do centro de maior categoría e antigüidade. O/a secretario/a será substituído/a polo/a profesor/a do departamento de maior categoría e antigüidade. O resto dos membros serán substituídos polos seus respectivos suplentes. Esta circunstancia deberá ser comunicada polo/a presidente/a da comisión ao reitor co fin de nomear o/a suplente no prazo de tres días hábiles.

5.6. A composición das comisións de selección publicarase na resolución que aprobe as relacións definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao concurso.

5.7. Nas comisións de selección procurarase unha composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

5.8. A selección efectuarase con respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Considerarase mérito preferente, seguindo o disposto no art. 48 da Lei orgánica 4/2007, estar acreditado/a para participar nos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios segundo o disposto na presente norma.

6.- ACTUACIÓN DA COMISIÓN

6.1. Unha vez publicada a relación definitiva de persoas aspirantes e a composición da comisión, o/a presidente/a desta procederá, no prazo de dez días hábiles, a convocala e constituíla. Para estes efectos considérase inhábil o mes de agosto.

Se por causa xustificada a comisión non se puidese reunir no referido prazo de dez días hábiles, que conta desde a publicación da relación definitiva, o/a presidente/a deberá sinalar a data concreta da reunión dentro dos sete días hábiles seguintes, que publicará no taboleiro de anuncios do centro cunha antelación mínima de dous días hábiles.

6.2. Transcorridos os prazos antes indicados sen que se constituía a comisión, o reitor procederá a nomear un/unha novo/a presidente/a.

6.3. A comisión actuará sempre no centro a que pertenza o/a presidente/a.

6.4. As comisións quedarán validamente constituídas coa presenza de cando menos catro dos seus membros con dereito a voto, entre os que debe estar o/a presidente/a e o/a secretario/a.

6.5. No mesmo acto de constitución, a comisión establecerá os criterios de avaliación, dentro dos límites establecidos polo baremo sinalado nesta normativa que, en calquera caso, terán en conta os principios de mérito e capacidade das persoas aspirantes.

A comisión publicará os criterios no taboleiro do centro. Así mesmo remitiraos ao Servizo de PDI para a súa publicación na web da Universidade:

http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/

Unha vez publicados, os membros da comisión poderán acceder á documentación presentada polos concursantes.

Con carácter xeral, a comisión poderá avaliar os diferentes apartados do baremo atendendo á adecuación dos méritos dos candidatos ao perfil da praza.

6.6. Os acordos das comisións, que serán sempre motivados, adoptaranse por maioría. No caso de empate decidirá o voto de calidade do/a presidente/a.

7. PROPOSTA DA COMISIÓN

7.1. As comisións redactarán unha acta en que se reflectirá a puntuación acadada por cada un/unha dos/as concursantes.

Incluirase un informe do representante sindical que, no caso de ser desfavorable, debe de estar motivado.

7.2. Seguidamente, formularán a súa proposta de resolución, en que figurará a persoa candidata ou candidatas seleccionadas por orde de puntuación.

7.3. Se a comisión considerar que ningunha das persoas aspirantes admitidas reúne os méritos suficientes para desempeñar a praza obxecto de concurso, poderá propoñer a non provisión da praza, xustificando detalladamente, á vista do baremo establecido, as causas que motivan tal proposta.

7.4. A comisión publicará a súa proposta de resolución no taboleiro de anuncios do centro xunto coa acta de puntuacións. Así mesmo remitirá a proposta e a acta de puntuacións ao Servizo de PDI para a súa publicación na web da Universidade: http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/ Concederáselles a cada unha das persoas concursantes un prazo de cinco días hábiles, que conta a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do centro, para poderen presentar reclamacións razoadas contra esta proposta.

7.5. As reclamacións deberán ser dirixidas ao/á presidente/a da comisión e entregadas no rexistro do centro en que aquela actúe, no Rexistro Xeral da UDC ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015. No caso de presentarse a reclamación nun rexistro público alieo a esta universidade, o/a interesado/a deberá comunicalo á UDC por correo electrónico ou por fax dirixido ao Servizo de Persoal Docente e Investigador. Os enderezos figuran na páxina web da Universidade.

7.6. Transcorrido o prazo, e no suposto de que non se presentase reclamación ningunha contra a proposta, o/a presidente/a da comisión remitirá todas as actuacións practicadas á Reitoría, para os efectos da resolución definitiva do concurso e expedición do nomeamento ou formalización do correspondente contrato.

7.7. No suposto de que se presentase reclamación, ou se propoña a non provisión da praza, a comisión encargada de xulgar a praza trasladará o expediente administrativo do concurso á Comisión de Reclamacións, xunto co informe razoado da comisión de selección sobre as reclamacións presentadas e suspenderase o nomeamento ou a contratación até que recaia resolución reitoral.

A Comisión de Reclamacións deberá formular a súa proposta razoada no prazo máximo de dez días hábiles desde a recepción das actuacións ou expediente administrativo do concurso e remitirá seguidamente o expediente ao reitor.

8.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO

8.1. Recibido o expediente administrativo do concurso, o reitor ditará resolución e atribuiralle a praza á persoa seleccionada pola Comisión encargada de xulgalá ou, no caso de ser presentada reclamación, pola Comisión de Reclamacións, nos termos previstos no artigo 35 da Lei 39/2015.

8.2. A resolución publicarase no taboleiro electrónico oficial da Universidade, nos taboleiros de anuncios da Reitoría e da Vicerreitoría do Campus de Ferrol, e na páxina web:

http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/

Esta publicación surtirá os mesmos efectos da notificación persoal aos/ás interesados/as, segundo o previsto no artigo 45.1.b da Lei 39/2015.

8.3. Contra esa resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que conta desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

9.- CONTRATACIÓN E INCORPORACIÓN

9.1. A persoa candidata á que se lle adxudicou a praza deberá presentarse nun prazo de dez días hábiles no Servizo de Persoal Docente e Investigador (PDI) para formalizar o correspondente contrato. Se houber lugar

a presentación dunha solicitude de autorización de compatibilidade, deberá acreditar a correspondente solicitude e o prazo para a contratación quedará automaticamente prorrogado ata a súa resolución.

O contrato estará suxeito á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. O seu incumprimento será causa de extinción do contrato.

O desempeño dun segundo posto no sector público unicamente é susceptible de compatibilidade coa figura de profesor asociado, nos termos que establece a Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

9.2. A persoa candidata incorporarase na data de inicio que indique o seu contrato perante o/a director/a de departamento que o/a presentará ao/á decano/a ou director/a do centro. O/a director/a do departamento dará conta da incorporación á persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de profesorado.

9.3. No suposto de que o/a adxudicatario/a renunciase á praza, non chegase a presentarse para formalizar o contrato ou non acreditase a presentación da solicitude de autorización de compatibilidade no prazo sinalado, ou finalmente se lle denegase a dita autorización, o reitor procederá a asignar a praza ao/á seguinte concursante, segundo a orde de puntuación que figure na proposta, se existir, ou deixará deserta a praza, ordenando, de ser o caso, a apertura de novo concurso.

10.- OUTROS

A normativa pola que se rexe este concurso está a disposición dos/as interesados/as no Servizo de Persoal Docente e Investigador (Rúa da Maestranza, nº 9) e na páxina web da Universidade: (http://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/profesorado/seleccioninterinolabcont.pdf).

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 15 de xuño de 2017

P.D. do reitor (R.R do 12/01/2016)

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente,

Alberto Valderruten Vidal

ANEXO I

GUIA PARA A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

1.- SOLICITUDES PRESENTADAS A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA

a) Os ficheiros que conteñan a documentación indicada na base 2 da convocatoria deberán achegarse á solicitude en formato pdf non debendo exceder a capacidade de 5 Mb por arquivo e nomearanse respectivamente:

NIF.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)
Solicitud.pdf
Curriculo.pdf
Taxa.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)
Titulacion.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)
Vida_laboral.pdf
Acreditacion_avalacion.pdf

A solicitude e o currículo deberán asinarse electronicamente

b) Os ficheiros que conteñan a documentación xustificativa do currículo (Bloque I ao VI) deberán achegarse en formato PDF, non debendo exceder a capacidade de 5 Mb por bloque, e nomearanse da seguinte forma:

BI_Apelidos_nome.pdf.	BV_Apelidos_nome.pdf.
BII_Apelidos_nome.pdf.	BVI_Apelidos_nome.pdf.
BIII_Apelidos_nome.pdf.	Outra_documentacion.pdf
BIV_Apelidos_nome.pdf.	

A documentación xustificativa do currículo que non sexa posible presentar en soporte electrónico (libros, publicacións...) achegarase en soporte papel por un dos medios sinalados na base 3.1.b.

Os documentos xustificativos do currículo deberán aparecer na mesma orde e coa mesma numeración que se faga constar no mesmo

2. PRESENTACIÓN POR OUTROS MEDIOS INDICADOS NA BASE 3.1.b

a) A solicitude e o currículo deberán asinarse en todas as súas páxinas e presentaranse en soporte papel.

b) O resto da documentación deberá achegarse en soporte electrónico.

O soporte electrónico utilizado (preferentemente pendrive) deberá ser compatible con calquera tipo de computador, e a documentación que conteña estará organizada na forma que se indica a continuación. Acompañarase á solicitude en sobre pechado debidamente identificado co DNI, Apelidos e Nome do candidato e o número da praza á que se aspira.

c) A documentación administrativa a que se refire a base 2 convocatoria deberá achegarse á solicitude en formato pdf e nomearase respectivamente:

NIF.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)
Taxa.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)
Titulacion.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)
Vida_laboral.pdf
Acreditacion_avalacion.pdf

d) Os ficheiros que conteñan a documentación xustificativa do currículo (Bloque I ao VI) deberán achegarse en soporte electrónico, e en formato PDF.

BI_Apelidos_nome.pdf.	BV_Apelidos_nome.pdf.
BII_Apelidos_nome.pdf.	BVI_Apelidos_nome.pdf.
BIII_Apelidos_nome.pdf.	Outra_documentacion.pdf
BIV_Apelidos_nome.pdf.	

A documentación xustificativa do currículo que non sexa posible presentar en soporte electrónico (libros, publicacións...) achegarase en soporte papel.

Os documentos xustificativos do currículo deberán aparecer na mesma orde e coa mesma numeración que se faga constar no mesmo.

ANEXO II

REF NUM PRAZA	NÚMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN ESIXIDA
17/3001	1	Axudante doutor/a	Tempo completo	Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores	Enxeñaría de Computadores	Facultade de Informática	Materias da área	Doutor/a
17/3002	1	Axudante doutor/a	Tempo completo	Urbanística e Ordenación do Territorio	Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición	ETS de Arquitectura	630G01024 Urbanística 2 630G02024 Urbanística 2 630G01029 Urbanística 3 630G02029 Urbanística 3 630G01042 Urbanística 5 630G02042 Urbanística 5	Doutor/a e Arquitecto/a ou graduado equivalente

Sr. Reitor:

Unha vez que se convocou a concurso público de méritos a praza de profesor desa universidade que a continuación se indica, solicito ser admitido como aspirante para a súa provisión.

I. DATOS DA PRAZA OBXECTO DO CONCURSO.		
Núm. de praza:	Categoría:	Data da convocatoria:
Departamento:		
Area de coñecemento:		
Actividades asignadas á praza:		
Centro:	Cidade:	

II. DATOS PERSOAIS.			
Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	
Data de nacemento:	Lugar de nacemento:	Provincia de nacemento:	D.N.I.nº:
Enderezo:		Teléfono:	Correo electrónico
Municipio:	Código postal:	Provincia:	

III. DATOS ACADÉMICOS.		
Título	Centro de expedición	Data de expedición

Documentación que se achega

<input type="checkbox"/> Copia do DNI	<input type="checkbox"/> Xustificante do pagamento	<input type="checkbox"/> Copia do Título	<input type="checkbox"/> Currículo e xustificantes
<input type="checkbox"/> Credencial da avaliación positiva do órgano externo		<input type="checkbox"/> Outros: _____	

D/D^a. _____ solicita ser admitido ao concurso público de méritos para cubrir a praza que se indica e declara que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude e no currículo académico, así como que reúne as condicións esixidas na convocatoria para a provisión da praza.

En, ___ a _____ de _____ de 201___
(sinatura)

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO IV

**CURRÍCULO PARA PARTICIPAR NOS CONCURSOS A PRAZAS DE PROFESORADO
CONTRATADO E INTERINO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
(Axustado ao baremo aprobado no Consello de Goberno de 30-04-2014)****DATOS DA PRAZA**

PRAZA N.º:

Categoría:

Área de coñecemento:

Departamento:

Resolución de data:

DATOS PERSOAIS

DNI:

Nacionalidade:

Apelidos e nome:

Enderezo:

Localidade:

Provincia:

C.P.:

Teléfono:

Teléfono móbil:

Correo electrónico:

A persoa que asina a continuación responsabilízase da veracidade dos datos que constan neste CV e dos da documentación que se achega, asumindo, en caso contrario, as responsabilidades que puideran derivarse da súa inexactitude

..... de de
(sinatura)

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MOI IMPORTANTE

- Os documentos acreditativos dos méritos que se alegan presentaranse a continuación do currículo, numerados e na mesma orde que establece este.
- En cada un dos méritos que se alegan deberá indicarse o n.º de documento ou documentos que acredita/xustifica tal mérito.
- As persoas aspirantes asinarán no pé de cada unha das páxinas do currículo



